



NOTA INFORMATIVA FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO CURSO ESCOLAR 2020/21

Estimadas familias:

Como todos os anos a Consellería de Educación, Universidade e FP vén de publicar a Convocatoria para a participación no Fondo Solidario de libros de texto e as axudas para a adquisición libros e de material escolar.

O fondo solidario está destinado ao alumnado matriculado en 3º,4º,5º e 6º de Educación Primaria e 1º,2º,3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria cursos nos que, necesariamente, se manterán os libros de texto do curso 2019/20, agás en 3º e 5º de EP que se permitirá a adquisición e substitución de libros de texto. A participación na convocatoria do fondo é independente e compatible coa solicitude de axuda de 50€ para material escolar (que poderán solicitar aqueles que teñan unha renda per cápita familiar inferior a 6000€ no mesmo impreso que se lles facilita, e mesmo aínda que non soliciten o fondo,marcando a casilla correspondente).

Solicitudes

A solicitude será única para todos os fillos que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2020/21. As solicitudes **deberán presentarse por vía electrónica ou presencialmente**, preferiblemente no centro docente (neste caso cubrirán o anexo que lles achegamos e que tamén está publicado na páxina web do centro ou ben poderán realizar a solicitude accedendo á aplicación Fondolibros, e unha vez que teñan cubertos todos os datos deberán gardala, obtendo así o número de solicitude, e posteriormente imprimila e entregala) , e deberá estar asinada polo pai,nai,titor/a ou representante legal do alumando.

Prazos

O prazo para presentar as solicitudes iniciárase o día 20 de maio de 2020 e rematará o día 19 de xuño de 2020

Para a presentación presencial deberá poñerse en contacto previamente co centro por teléfono no 982828940 ou por correo electrónico no cpi.cervantes@edu.xunta.es e gardar e respectar as medidas hixiénicas aconselladas no contexto actual da pandemia.

Asignación de libros

A asignación de libros de texto ao alumnado que participe no fondo solidario efectuarase por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se agoten as existencias.

Esgotados os libros dispoñibles no fondo solidario, o centro docente adquirirá os libros de texto complementarios que sexan necesarios para garantir:

- Ao alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: seis (6) libros de texto.
- Ao alumnado con renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: catro (4) libros de texto

Renda pér cápita da unidade familiar

Para os efectos desta orde a Renda per cápita da unidade familiar: renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2018 dividido entre o número de membros computables tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

- A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos . Na declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2018. Haberá que sumar as casillas (435 base imponible xeral) e (460 base imponible do aforro); cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados, no certificado de imputacións de renda.

Membros computables da unidade familiar

- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados
- b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade discapitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
 - e) A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando haxa custodia compartida.
 - f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Non terá a consideración de membro computable:

a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.

b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2018.

Documentación

Para a tramitación do procedemento consultarase automaticamente os datos persoais salvo oposición, non obstante as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude á seguinte documentación:

- Copia do libro de familia ou equivalente onde figuren todos os membros computables.
- En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.
- Certificado acreditativo do grao de discapacidade, se fose o caso, recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- Documentación acreditativa da situación de violencia de xénero
- A incapacitación xudicial con patria potestade prorrogada ou rehabilitada acreditarase coa correspondente resolución xudicial
- Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento

Os documentos deberán reflexar a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro do 2018.

Obrigas das persoas beneficiarias

Conservar e bo estado e devolver os libros de texto recibidos do fondo solidario no curso 2019/20. Esta devolución e debido a situación xerada polo COVID-19 será acordada con cada familia, concertando unha data de entrega que terá en conta a súas circunstancias laborais e personales. A falta de devolución será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir material escolar para o curso 20/21.